Remitidas as propostas polos Grupos Municipais, neste caso, PP e BNG, conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local e 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Nomear como representantes do Concello de Moaña na Asamblea da Área Metropolitana de Vigo, ademais do Alcalde, como membro nato, aos seguintes concelleiros:

- Dna. Rosa Solla Veiga polo Grupo Municipal do PP
- D. Xosé Manuel Millán Otero polo Grupo Municipal do BNG.

2.- Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.”

O Sr. Alcalde engade que a lei que se aprobou recolle as achegas dos últimos anos dende a primeira declaración de Soutomaior en maio de 1999. O proxecto de lei foi aprobado en maio do 2005. agora presentouse unha proposta actualizada. Houbo múltiples reunións de traballo, redactouse pola Universidade de Vigo un estudo de viabilidade, o 25 de novembro de 2010, o Conselleiro da Presidencia presentou un novo texto aos Alcaldes, abriuse un período de información pública na que se recibiron máis de duascenas cincoenta alegacións, recibíronse informes preceptivos, todos favorables, a Xunta aceptou máis do 60% das emendas. No Parlamento aceptáronse o 40% das emendas presentadas pola oposición.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que o BNG fixo a súa proposta para designar ao seu representante na Asamblea da Área Metropolitana. Como cabe agardar, actuaremos na Asamblea e órganos metropolitanos ca maior lealdade institucional como vimos desempeñándonos nas demais institucións, en representación de todos os que depositaron a súa confianza nas Concelleiras e Concelleiros do BNG. O BNG non entrará en manobras de boicot ou tentanto poñer paos nas rodas. Que conste en acta que a realidade da Área metropolitana parécese pouco á realidade que dibuxa o Alcalde. Aprobouse no Parlamento Galego por trinta e oito votos a favor e trinta e sete votos en contra. Creouse unha administración deixando de lado a opinión da metade do Parlamento de Galicia. Sen ter en

conta nin negociar criterios e propostas das minorías. Unha lei que nace lexitimada pero que non responde ao pensar dos veciños da Área Metropolitana. É un longo procedemento iniciado no 1999, 2000. cunha primeira fase onde se tomaron acordos informándose a todos os participantes e, na medida do posible, con consenso. Este consenso rómpese ca chegada do PP ao Concello de Vigo utizando esta cuestión como arma electoral, basaándose en intereses electorais do PP e tratando agora de recuperar a Alcaldía de Vigo. Impediuse abordar cuestións coma a da descentralización administrativa. O aparato administrativo neste ámbito territorial vai incrementarse cun organismo máis: representantes dos concellos, cargos administrativos... solicitouse ao PP que revisase o papel da Deputación respecto da posible cesión de competencias e traspaso de funcións á Área Metropolitana. Todo isto nunha situación coma a actual de debilidade económica e sen un orzamento garantido. As dietas van ter que pagarse do bolsillos. As cesións económicas deben acompañar á cesión de competencias sen orzamento inicial. Cando na televisión se escoita que hai que reducir concellos, chiringuitos, entes públicos... aquí creamos outra administración pública sen financiamento nin cartos. Din que se van resolver problemas importantes, se é así, benvido sexa. Queremos servizos, pero se hai que pagar será para mellorar servizos. Esta Corporación xa se pronunciou ao respecto hai tres anos. ¿Qué servizos van repercutir neste Concello?. Chegamos á conclusión de que, en principio, ningún. O transporte metropolitano exclúe a Moaña. As liñas de transporte que afectan a Moaña nin se inician nin rematan na área metropolitana polo que quedarían excluídas. O transporte marítimo tamén está excluído por non terse considerado servizo público. O servizo de recollida de lixo, o de depuración e subministro de auga, uns servizos que temos en condicións, ¿imos transferilos á área metropolitana para pagar as tarifas que paga o Concello de Vigo?. Ninguén quere iso. Cédense competencias urbanísticas pola Xunta de Galicia que van conseguir que os concellos incluídos na área metropolitana vaíamos andar a paos. Van decidir os órganos de xestión da área metropolitana, ou o que é o mesmo, o interese do Concello de Vigo. Fecimo respecto da área metropolitana xa se pronunciou, que de ningunha maneira. O Alcalde de Cangas tivo a valentía de dicir o mesmo. ¿Quen dixo que si?. O Alcalde de Moaña. Cando lle preguntaron por qué respostou que porque era moi barato. Vinte mil euros. Alcalde, tan barato que lle garantimos que non vai poñer nin un euro. A Asamblea formárase, o PP terá a súa bandeira contra o Alcalde de Vigo pero con este proceso o que van facer é malograr unha necesidade de integración dos concellos da área de Vigo. Van sepultalo por moitos anos. Despois das eleccións autonómicas hai outras e logo do 2015 pediráselles contas. Adiantamos que, polo que de nós dependa, a tesourería da área metropolitana non irá un céntimo que non supoña un novo servizo ou un servizo máis eficiente. Recoñézolle unha cousa boa, que é extraordinariamente fácil sair dela. Ao cabo dun ano, se as cousas van como é previsible, terán deste Grupo unha proposta para saír.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que a falta de representatividade do seu Grupo na assemblea provoca que non apoién a proposta presentada. A assemblea constituínte vaise levar a cabo. Seguramente, PP e BNG asistirán, e pouco máis. Será un ente non nato. Vaise constituír unha área metropolitana sen que forme parte o concello que lle da nome e que debería prestar a maioría dos servizos. Será o punto final á batalla electoral entre a Xunta e Caballero. Moaña foise buscando a vida para ofrecer servizos ao menor custo: Mancomunidade, concesións... Solo un servizo, o de transporte, onde un cidadán de Vigo ou de parte de Redondela paga a Vitrasa 1,22 euros. Queremos miran cando alguén poida ir dende Moaña ata o hospital de Vigo por ese prezo. Se hai assemblea constituínte, diga que os

veciños queren ser da área metropolitana para pagar 1,22 euros. Polo resto dos servizos xa contarán que lle ofrecen.

A Sra. Solla, Concelleira Delegada de Ensino, afirma que xa levamos máis de dez anos con esta cuestión. Houbo posibilidade de plantexar alegacións. Esta é unha lei na que interviron todos os grupos políticos. A lei nace para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Somos cincuenta e dous representantes. A área metropolitana mace para mellorar e mellorar os servizos públicos que se prestan aos veciños. Para racionalziar o gasto dos concellos e facer unha eficaz xestión dos servizos en común: lixo, transporte, auga... Farase unha asamble dentro de un mes. Decidiremos o Presidente, Vicepresidente e membros dos distintos organismos. Tómase como exemplo a área metropolitana de Barcelona, que está a funcionar ben. Imos agardar para valorar cómo funciona. Respecto do custo para os concellos, non terá custo. Será o que xa estamos a pagar polos servizos que se veñen prestando. Evitaranse duplicidades de gasto. A Mancomunidade ten unha débeda de seis millóns de euros. Ese custo pode terse rebaixado. Todos temos voz e voto e manifestamos as nosas opinións. Houbo unha aceptación do 40% das emendas presentadas polos Grupos. Agardemos á primeira asamblea para valorar a posta en marcha.

O Sr. Millán afirma que convén facer algunha aclaración. Non é correcto dicir que os concellos participaron na redacción do anteproxecto de lei. Unha vez que o PP se fixo co goberno do Concello de Vigo rompeuse todo o consenso metropolitano. Corina Porro empeñouse en impoñer os seus criterios. Así foi. A partires daquel momento rompéronse as relacións entre as institucións. No 2009 veu por aquí o Director Xeral de Administración Local para sacar adiante a área metropolitana. O único que me dixó foi: “xa te escribiremos”. Ata hoxe. Veu un borrador a Pleno. Fixéronse alegacións e emendas. Non se recolleu ningunha. O transporte metropolitano quedou excluído, que alguén me corrixa. Será a realidade a que o diga. Que a Monbús se lle retirarán as concesións e que o fará Vitrasa. A área metropolitana de Barcelona, que se pon como exemplo, naceu, como quen di, o outro día. As experiencias previas, ata o de agora, non funcionaron: Bilbao, Valencia... En Barcelona hai un servizo de transporte metropolitano, pero previo á constitución da área. Dentro de uns anos ninguén quererá escoitar falar da área metropolitana. ¿Cómo que non se van poñer cartos?. O Secretario que levante acta das reunións irá gratis. Cando o Intervetor teña que confeccionar os orzamentos, ¿vai cobrar?. Terán que pagalo os concellos. Non sei cómo vai conseguir un servizo de recollida de lixo a 66,5 euros ao ano cando en Vigo pagan 99 euros. Ceder a competencia e equilibrar o servizo suporá aproximarse ao custo de Vigo. Sobre o servizo de auga, pregunten canto pagan os veciños de Vigo. Díganlle aos de Vigo que van pagar 0,27 euros m³ de auga. Fanse todos metropolitanos. Pero iso non vai ser así, pasaremos nós a pagar 0,50 euros m³.

O Sr. Pastoriza afirma que agardan ansiosos a que ese facho de xeralidades expostos pola Concelleira se traduza nun mellor servizo e a un mellor prezo. Barcelona sempre foi o referente, pero non ten a degraza de pivotar entre dous polos diferenciados: Vigo e Pontevedra. Vostedes non queren reducir o papel das Deputacións. Propoñan que poidamos decidir quen nos leva o lixo, Vigo ou a Deputación. Cústanos unha fortuna un servizo polo que os veciños pagan 1,22 euros. Agardo a poza do mellor servizo.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a a votación a proposta ditaminada en Comisión sobre o nomeamento de representantes municipais na Asamblea da Área Metropolitana de Vigo, quedando aprobada por quince votos a favor, oito dos Concelleiros

do PP e sete dos Concelleiros do BNG, e dous votos en contra, dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

1.- Nomear como representantes do Concello de Moaña na Asamblea da Área Metropolitana de Vigo, ademais do Alcalde, como membro nato, aos seguintes concelleiros:

- Dna. Rosa Solla Veiga polo Grupo Municipal do PP
- D. Xosé Manuel Millán Otero polo Grupo Municipal do BNG.

2.- Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A Sra. Cruz, Concelleira do BNG, sinala que os políticos que nos gobernan deben actuar sempre pensando en prestar o mellor servizo aos cidadáns, principalmente cara aos sectores máis desfavorecidos, e especialmente nas circunstancias que vivimos. Habería que facerse a pregunta básica de que para qué serven a política e os políticos que nos gobernan. E a quen están a defender os que gobernan. Os gobernantes do Partido Popular están a gobernar a espaldas dos veciños e das persoas desfavorecidas. Denuncio a xestión da Xunta de Galicia. Desentendéronse dos servizos sociais no decreto que ven de aprobarse. Créase un grave problema no sistema de financiamento do servizo nos concellos de menos de vinte mil habitantes. Denuncio a desaparición do Plan Concertado. Nel incluíase a axuda a domicilio, a atención a persoas dependentes, programas comunitarios e o soldo dos traballadores de Servizos Sociais. Un persoal moi cualificado. A Xunta aportaba unha cantidade. Agora a Xunta vai pagar a súa mala xestión con esas persoas aumentando a súa exclusión social. A Xunta xa efectuou algún ingreso: unha cantidade este mes para as retribucións do persoal, uns quince mil euros. O 50% do ingresado o ano pasado. Esa cantidade non chega nin para pagar a dous traballadores sociais que ten que asumir o Concello. Outro ingreso: axuda no fogar e dependentes. Ingresaron unha cantidade cuatrimestral de trinta un mil oitocentos noventa e tres mil euros e sesenta céntimos. Entrégase esa cantidade que non cubre o servizo, que queda en mans da Deputación, ca intención de que os usuarios paguen máis, que non teñan posibilidade. Queren acabar co Estado de benestar. Respecto dos cento vinte mil euros, no ano 2009 ingresáronse douscentos trinta e tres mil seiscientos sesenta e cinco euros, no ano 2010, cento sesenta e sete mil douscentos corenta e cinco euros e dezasete céntimos. No ano 2011, douscentos cinco mil oitocentos vintecinco euros e noventa céntimos. Este ano, cento viente sete mil euros. Non da nin para pipas. Sei que non gusta o que digo.

(Seguidamente a Sra. Cruz procede a dar lectura ao texto da moción):

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do

conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar ao 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, ao 25% para os de 20.000 até 60.000 e ao 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.**
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.**
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.**
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.**

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Igualdade e Servizos Sociais, afirma que a introdución da moción é todo unha realidade. Os políticos estamos para conseguir o ben dos veciños. Estivo oito anos no Goberno e agora di que o PP deixou de lado aos veciños. No Concello de Moaña hai unha empresa que presta o servizo de axuda no fogar. Cando o PP accedeu ao goberno esta empresa reclamaba setenta e un mil novecentos cinco e catro euros e setenta e catro céntimos. De non pagarse suporía que a empresa tería que deixar de pagar aos seus empregados. Esa foi a situación que deixou en bandexa o anterior Goberno ao Alcalde e ao Concelleiro de Facenda. Buscamos un plan de pagos ca empresa para atender a esa demanda. Pagamos cento noventa mil euros cento oitenta e catro céntimos e noventa e catro céntimos. A empresa, a finais de abril, prorrogou o contrato contenta ca situación actual. Os usuarios seguen a recibir o servizo. O PP non se esquece dos veciños. O que se di é demagogia. Non se prescindiu de ningún traballador de Servizos Sociais e se seguen a prestar os mesmos servizos. A Xunta segue a ingresar. Para a Xunta de Galicia o interese non desaparece. Aténdense ao pago de forma trimestral. Establécese no Decreto a asistencia das Deputacións Provinciais para concellos de menos de vinte mil habitantes. Non se saca nada

da manga nin se deixa o servizo ao financiamento dos concellos. Non nos desestendemos das necesidades dos veciños de Moaña.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que na relación de facturas que se aprobou neste Pleno dentro do expediente de recoñecemento extraxudicial incluíanse varias de esta empresa. Facturas que se tiñan que pagar o ano pasado se pagan neste. Restáronse dous apgos deste ano, o servizo solo terá cobertura financeira ata outubro. Habería redución dos fondos da Xunta, como está a acontecer con outros servizos. Aí, todos somos culpables. Reducións cada ano, queda na chepa dos concellos. Malos momentos para o servizo de axuda no fogar. O Goberno do Estado aprobou a lei de dependencia. Unha lei ambiciosa, que puidese permitir unha axuda digna ás persoas necesitadas. Non se aplicou ben, chegpu a crise, estropeou o tenderete. Agora se plantexa como un servizo de beneficencia. Malos tempos se a Xunta non pon remedio.

A Sra. Cruz di respecto á acusación de que a empresa non cobraba, durante oitos anos as empresas que prestaron o servizo cobraron sempre. ¿Que os traballadores da empresa podían quedar en paro?. A empresa non o podía facer, os pregos obrigaban a manter os postos de traballo. Para o PP, os números sinalan que pretenden acabar co servizo. Este ano, cento vinte sete mil euros posibles. Os feitos están aquí. Aprobados pola Xunta. Defender o indefendible é digno de aplauso. Esa fe cega sen máis criterio.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que convén facer algunha aclaración. O contido desta moción non vai dirixido ao o Goberno Municipal de Moaña, senón á Xunta de Galiza. A Concelleira dispara contra o outro lado da ría. Dalle ao balón ca perna mala. Os números cantan. No ano 2009, noventa e cinco mil euros para axuda na contratación de traballadores. No 2012, trinta mil euros. Sesenta e cinco mil euros menos. Espero que non despidan aos traballadores. Antes o custo se pagaba a través dos fondos da Xunta de do Estado, agora terán que asumilo os veciños. No ano 2009, para axuda no fogar, cento vinte mil euros anuais. Permitía, dentro de axuda no fogar o pago da atención das persoas maiores que precisaban de compañía, limpeza da casa, dependendo do nivel de renda, a tantas horas pagaban tanto ou nada. Estas quedan agora excluídas da axuda. Non os dependentes. Agora non se está dando altas ou teñen que pagar ao 100%. Debe modificarse a política da axuda no fogar. A asistencia e o pago dos traballadores. En casos poderá pagarse todo, noutros en parte, e noutros casos nada. Crearán desigualdades. Respecto da débeda ca empresa, sería vostede a que incrementou a débeda, co que pagaron serían dez facturas. Se no mes de agosto tiñan setenta e dous mil euros sen pagar serían tres facturas. Demagoxia, a xusta. Cando vostedes se enteraron de cómo se pagaba pagaron e punto.

A Sra. Cruz di que en Valencia o Presidente do Goberno di que se poden pagar as contas e pagar os servizos sociais. recortando o estado do benestar. O único estado do benestar é unha sustancia que produce a felicidade, a serotonina. Se nos quitan todos os servizos, quítanolo todo. A xente é cada vez menos feliz. Por sus actos los conoceréis.

Non se suscitan outras intervencións e o Sr. Alcalde somete a a votación a moción do Grupo Municipal do BNG para o mantemento do servizo de axuda no fogar, quedando aprobada por nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP cos seguintes acordos:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO.

A Sra. Nogueira, Concelleira do BNG, sinala que o 21 de abril publicouse no BOE o Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. Unha lista de recortes que atacan o ensino público e dereito de oportunidades do alumnado. Suporá que sed espidan dous mil docentes. Xa é hora de que o Presidente da Xunta recurra contra un decreto que invade as competencias autonómicas na materia. (Seguidamente, a Sra. Nogueira da lectura ao texto da moción):

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudiantís partidos políticos...) constituíu a **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público** para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posibles. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- **Incrementar as ratios a 30** alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizado do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.
- **Impor unha xornada lectiva semanal mínima** para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.
- **Non substituír o profesorado de baixa.** Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.
- **Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato.** Con graves consecuencias na formación do alumando, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.
- **Adiar a implantación de ciclos de formación profesional.** Que prexudica gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.
- **Incrementar as taxas universitarias.** Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.”

A Sra. Solla, Concelleira delegada de Ensino, respectos dos puntos incluídos na moción, afirma o seguinte:

- Incrementar os ratios a 30 alumnos en infantil e primaria, 36 en secundaria e 42 en bacharelato. Non se van subir as ratios de alumnos por aula, a diferenza doutras CC.AA. Galicia seguirá tendo unha das ratios alumno por profesor máis baixa de España.

- Impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en primaria e 20 en secundaria. O horario lectivo dos mestres de infantil, primaria xa está no mínimo esixido, 25 horas, e non sufrirá incremento. Para cumprir co UE obriga o ministerio, incrementarase o horario lectivo do profesorado de secundaria de 18 a 20 horas semanais, e unha disposición de obrigado cumprimento a nivel nacional co que se equipará en todas as comunidades autónomas. A reorganización da xornada lectiva dos docentes faise necesaria para garantir a atención do alumnado. Galicia contará co número de profesores que precise para ofrecer a formación adecuada ao alumnado.

- Non substituír o profesorado de baixa ata que pasen 10 días lectivos conculcando o dereito á educación. Non se está conculcando ningún dereito, actualmente xa se aplica a non substitución de profesorado se a duración da baixa é de 10 días lectivos ou menos. As baixas nas escolas unitarias serán cubertas de forma inmediatas.

- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Non se aplicará a reforma no que se refire ás modalidades de bacharelato, mantendo a oferta existente e dándolle liberdade aos centros á hora de ofertar estas ensinanzas. Os centros galegos que impartan estas ensinanzas seguirán a ofertar, polo menos, dúas modalidades. A decisión está amparada na aplicación flexible do Real Decreto Lei, xustificas na aposta pola equidade no ensino e por atender a singularidade da dispersión poboacional no rural.

- Adiar a implantación de ciclos de formación profesional. Seguen mantendose os ciclos de FP que xa foron implantado. O que se adia é a actualización de módulos de ciclos formativos da FP ao curso 2014-2015. Esta decisión ten que ver con que non se contou con respaldo económico para a adaptación destes módulos. Xa que o anterior goberno optou por ampliar os módulos de FP de 1400 horas a 2000, unha decisión que obrigaba as comunidades autónomas pero nunco houbo cartos para facerlle fronte.

- Incrementar as taxas universitarias. A Xunta de Galicia está analizando a fondo a proposta ministerial, ou se adaptará, dentro das marxes de manobra establecidas, a situación de Galicia, de xeito que consensuado cos tres reitores garantindo que Galicia continúe a ter as taxas universitarias máis baixas de España, como ata o momento. Na universidade o esforzo realizado pola Xunta ten permitido pasos significativos a prol do sistema universitario de Galicia, grazas a medidas negociada e acordadas coas tres universidades. Compre dicir que ata o de agora os universitarios só pagan un 15% do custe efectivo dos servizos académicos das universidades. De todos xeitos o obxectivo é que Galicia continúe sendo unha das comunidades cos prezos máis baixos de España, como ven sucedendo nos tres últimos anos. A solvencia de Galicia e o Traballo feito nestes tres anos permite ofrecer a comunidade educativa de Galicia un escenario máis flexible que outras comunidades.

O Goberno Galego xa explicou con claridade a posición de Galicia an este Real Decreto, unha posición de respecto e acatamento da normativa estatal cando corresponde e de singularidade cando hai marxe competencia e de camiño percorrido na boa dirección para aplicala con flexibilidade.

A Sra. Nogueira afirma que vai analízalo punto por punto. ¿Que non se incrementan as ratios?. O artigo 2 fala de ampliar o 20% o número de alumnos. A Concelleira debe de referirse ao que o Presidente di sobre que se tentaría de que non se incrementase a ratio. Cando se lle reclamou por escrito non fixo nada. Referíase as ratios ás que fixo mención vostede. As horas lectivas pasarán a ser vinte e cinco horas lectivas en Primaria e vinte en Secundaria. Agora son dezoito. Un total de vinte e cinco semanais lectivas. Aumentan as horas lectivas diminuíndo o número de horas que se poden destinar a actividades relacionadas coa organización do centro. Haberá que reestruturar departamentos e moitas das materias non poderán impartirse por especialistas. Tamén suporá despidos. Non se poderá substituír profesorado de baixa. Xa se viña facendo aquí en Galicia para baixas de menos de quince días. Pero agora co Decreto-Lei tamén por baixas de profesorado de máis de quince días tampouco poderán ser substituídos. Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato, non se comprometeron formalmente. Adiar a implantación de ciclos de formación profesional, prevese un aprazamento inxustificado, de dous anos.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a a votación a moción do Grupo Municipal do BNG en defensa do ensino público, quedando aprobada por nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP co seguinte acordo:

- Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

9º.-ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. Ríos, Concelleira do BNG, afirma que o paro segue a medrar en Moaña, tres mil douscentos parados segundo o Alcalde. Nesta situación, cando máis falta fai o Patronato Beiramar case que chegou á paralización da súa actividade. ¿Onde está as xestións da Escola Taller?, ¿qué cursos se solicitan?

O Sr. Alcalde responde que están pendentes da resposta da Consellería.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que xa preguntou en Comisións respecto do funcionamento do praza de abastos. Unha vez que entrou n vigor a Ordenanza e cando xa no 2011 conseguimos que os vendedores da praza reunisen a documentación necesaria para vender. Estase a incumprir a normativa estatal. Non se aprobou o Padrón. Que conste en acta a nosa preocupación polos tempos de aplicación polos tempos de aplicación da Ordenanza e esperamos que se nos informe da situación das persoas que prestan servizos debaixo do tellado da praza.

O Sr. Alcalde afirma que a Ordenanza estase a aplicar e no mes de xuño deberán solventarse algún fleco que está pendente.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, sinala que na última Comisión Informativa de Urbanismo presentaron unha denuncia sobre o asfaltado na Carballeira de Bronlle. Comprometéronse a retirara a pedra alí depositada. ¿Van cumprir o compromiso asumido?

O Sr. Alcalde responde que en ningún momento va a asfaltar a Carballeira. Votouse a favor para que pasasen as máquinas.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, pregunta pola Finca do Real. Convén lembrar que no 2005 o Goberno tripartito presidido por Millán deste Concello esixiu á entidade Promociones San Bieito dous avais por importe de seiscentos sesenta mil euros e un terceiro por importe de cincocentos mil euros para responder das obrigas derivadas do convenio urbanístico da Finca do Real. No mes de abril o Goberno do PP presidido polo Sr. Fervenza acordou devolver os avais por un importe total polos tres avais de un millón oitocentos vinte mil euros. Con esa decisión irresponsable tirouse pola borda o traballo acometido de acadar as dotacións necesarias na zona, cunha zona verde de seis mil metros cadrados e dos elementos a protexer. Acaban de estragar unha ferramenta da que dispuñan para poder obrigá-la promotora a negociar nas mellores condicións urbanísticas. A pregunta é: Díganos se van chamar aos propietarios para negociar o convenio co obxectivo de salvar o déficit real de equipamentos e zonas verdes no Real ou van aplicar ese criterio urbanístico que veñen aplicando de ti vai facendo.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Piñeiro reclama polos dez, once meses que leva o PP no goberno, cando vostedes votaron negociando coa empresa sei anos para chegar á situación que hai alí. A empresa solicitou a devolución dos avais polo convenio incumprido. Por lei houbo que devolvelos obrigatoriamente. O que agora ven os veciños é resultado da política do BNG nos últimos anos. O que atopamos alí non foi culpa nosa. Puxémonos en contacto con Patrimonio. Obrigarán á empresa a manter o Pazo e eses elementos patrimoniais en condicións. En calquera caso seguiremos a falar e a negociar coa empresa.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o Alcalde sabe que grazas Patrimonio, informe do Director Xeral, a empresa que asinou o convenio veu recalificados os terreos cunha determinada edificabilidade. O Concelo asinou o convenio coa garantía de establecer límites, prazos de execución e conseguir que os elementos se recuperasen. De non facelo, faríao o Concello. A Dirección Xeral de Urbanismo e Patrimonio motivaron a anulación do convenio, pero hai que ter en conta a figura do convenio de execución do planeamento. O ano que o Sr. Fervenza leva de Alcalde, ¿cantas veces se reuniu coa empresa para negociar o convenio?. ¿É consciente, por esa aplicación súa da lei, de que o Concello podería perder a posibilidade do Real para un uso público, de un espazo público con zonas verdes e cesións obrigatorias?. ¿Pensa dar algún paso ou unicamente dar as queixas aos técnicos de Patrimonio?. O Concello agora non dispón de ningunha garantía ou aval para que os promotores actúen nese espazo.

O Sr. Alcalde responde ao Sr. Millán que vai contestar ao seu compañeiro. Pide un orde cronolóxico do que imos facer. Pasareillo por escrito.

A Sra. Cruz, Concelleira do BNG, pregunta pola gardería municipal. Pasaron xa máis de tres meses dende a visita da Delegada. Non remataron a obra. ¿Cando pensan rematar?. Hai subvención comprometida da Xunta?

O Sr. Alcalde responde que están tratando de resolver o contrato. Chegou esta semana un informe do Director de obras a ese respecto. Estamos a tratar de axilizar os trámites para resolver o contrato e contratar con outra empresa que poida rematar as obras. Da Consellería a día de hoxe non teño información.

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG, pregunta polas instalacións do Beque. Pasou a Semana Santa. Seguimos sen saber nada. O Concelleiro díxonos que estaban elaborando un estudo económico da concesión. Logo diso, silencio absoluto. ¿Teñen pensado abrir a piscina, o camping e as instalacións ao público?

O Sr. Alcalde di que agracede a pregunta. Segundo as notas do Concelleiro, leva dez ou once meses tratando de resolver este tema, tratando de axilizar ao máximo todo o traballo. Xa ten o estudo económico. A documentación pasoulla dente Secretaría. Creo que abre o 15 de xuño. A idea é abrir a piscina se as circunstancias o permiten.

A Sra. Riobó pregunta como concesión cómo pensa abrir.

O Sr. Alcalde responde que con persoal da Xunta, á espera de que envíen ou no seu defecto, con medios propios.

A Sra. Nogueira, Concelleira do BNG, afirma que hai catro meses preguntaron polo Plan Xeral. Non sabemos nada. Nin da Comisión de Seguimento. Falaba de que o equipo redactor estaba a traballar para adaptalo ao POL. ¿Cómo vai o programa de adaptación?. ¿Van convocar a Comisión de Seguimento?. ¿Qué reunións houbo cos representantes da Xunta e en qué datas?.

O Sr. Alcalde responde que se vai convocar a Comisión de Seguimento. O equipo redactor está a facer o seu traballo, con sesenta mil euros pendentes que reclaman logo de presentar unha factura proforma que non se pode pagar, á marxe de cantidades pendentes que figuran non contrato. Seguen a traballar pese ás dificultades económicas. Solicitamos unha entrevista para ter unha reunión en Santiago.

A Sra. Nogueira pregunta se houbo reunión ca Xunta.

O Sr. Alcalde afirma que houbo unha ou dúas. En unha ou dúas semanas teremos outra. Convocaremos unha Comisión de Seguimento.

Rematadas as preguntas dos Concelleiros, o Sr. Alcalde afirma que hai un veciño que solicitou o uso de palabra. Don Fernando Fervenza.

O Sr. Fervenza afirma que non anterior Pleno o Sr. Millán dixo unha serie de cousas nada correctas. Leva anos insultando.

O Sr. Millán pregunta quen é a bombona e dirixíndose a un veciño: ¿Ti és o educado?. (Nese momento se produce un cruce de palabras entre veciños e Concelleiros do BNG).

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO